

Cuestión 7. O Réxime feudal e a sociedade estamental

O longo do proceso da reconquista e a través de matrimonios entre membros de distintas dinastías, quedaron instituídos o reino de Navarra, a Coroa de Castela e a Coroa de Aragón. En todos eles estableceuse unha monarquía feudal e unha sociedade estamental.

O RÉXIME FEUDAL. As monarquías feudais comezaron a formarse nos séculos IX e X e triunfaron nos séculos XI e XII. Estas monarquías caracterízanse por:

Carácter patrimonial e hereditario do reino. O reino considerábase propiedade do rei que o recibía e transmitía por herdanza e que podía dividilo entre os seus herdeiros, aínda que a partir do século XIII empezou a considerarse indivisible.

➤ **Perda do poder do rei.** A soberanía (poder supremo) era real e fora concedida por Deus (“rei pola gracia de Deus”); pero o rei, ó non dispoñer de medios suficientes para impoñer a súa autoridade en todo o reino, tivo que recorrer ós nobres, quen a cambio de encargarse da seguridade, da administración da xustiza e da explotación económica dun territorio en nome do rei recibían deste privilexios xurídicos e económicos. Tamén se concederon privilexios forais a certos territorios e cidades. A concepción da monarquía en Castela e Aragón era diferente:

- Na Coroa de Castela, a monarquía tivo un carácter menos feudal, triunfou a concepción autoritaria do poder rexio e o rei conservou a facultade de declarar a guerra e o poder lexislativo e xudicial. As leis tenderon a ser as mesmas para todos os territorios (agás para os señoríos vascos que mantiveron privilexios forais).

- Na Coroa de Aragón, o maior poder dos nobres impuxo a **concepción pactista**, pola cal a autoridade rexia estaba limitada polas Cortes e o rei debía comprometerse a respectar as leis e costumes do país. De aí que nos distintos reinos que conformaron a Coroa de Aragón se mantivesen leis e institucións propias.

➤ **Relacións de vasalaxe e réxime señorial.** O rei estableceu cos nobres **relación de vasalaxe** para poder administrar o reino. O rei (señor) cedía ós vasalos (nobres laicos ou eclesiásticos) un beneficio ou feudo (terras ou/e dereitos xurisdiccionais) para que o administrasen e defendesen no seu nome; a cambio os vasalos debían obediencia, fidelidade, axuda militar e consello ó rei. O sistema complicouse porque os grandes nobres establecían tamén relacións de vasalaxe con outros nobres de rango inferior, formándose unha pirámide de dependencia. Estas relacións de vasalaxe derivaron nun **réxime señorial**. Moitos señores conseguiron transformar os seus dominios en señoríos, é dicir, territorios onde administraban xustiza, cobraban impostos, regulaban a actividade económica... Os señoríos podían ser de reguengo (dependían directamente do rei), nobiliarios (da nobreza) ou eclesiásticos (de bispados e mosteiros).

➤ **Aparición das Cortes.** As Cortes xorden cando ós representantes dos privilexiados se suman os das cidades. Estaban formadas por tres brazos (nobres, eclesiásticos e burguesía) e eran convocadas polo rei. As primeiras Cortes europeas foron as do Reino de León (1188). En Castela tiveron un carácter consultivo e nelas aprobábanse os subsidios (impostos). Ás Cortes ordinarias (para autorizar subsidios) só acudían os representantes das cidades (nobreza e clero estaban exentos do pago de impostos) que esixían ó rei certas concesións a cambio da aceptar a petición real. Nos reinos da Coroa de Aragón cada reino tino as súas Cortes, que posuían certo poder lexislativo e votaban os impostos. Para vixiar o cumprimento dos acordos das Cortes xurdiron a Generalitat (en Valencia e Cataluña) e a Diputación General (en Aragón).

SOCIEDADE ESTAMENTAL. A sociedade estaba estruturada en grupos sociais pechados ós que se pertencía por nacemento. A mobilidade social era escasa, aínda que nos reinos cristiáns peninsulares o fenómeno da reconquista e da repoboación permitiu a promoción social e garantiu a liberdade xurídica de moitas persoas, de forma que a sociedade non era tan bipartita (señores libres e servos sometidos) como a europea.

➤ **Estamentos privilexiados: nobreza e clero.** Gozaban de grandes patrimonios territoriais dos que obtíñan rendas e nos que administraban xustiza e garantían a orde e a seguridade; ostentaban en exclusiva títulos e honores; rexíanse por leis e tribunais especiais; non pagaban impostos... A nobreza dedicábase ó exercicio das armas, xa que a súa función era defender á sociedade dos perigos que a ameazaban. O clero dedicábase a orar para salvar as almas. Dentro

destes estamentos existían diferenzas económicas e honoríficas entre a alta nobreza (duques, condes...) e a baixa (fidalgos, infanzóns...) e entre o alto clero (bispos, abades...) e baixo clero (monxes, curas). Aínda que os enfrontamentos eran frecuentes entre eles, sempre fixeron fronte común fronte ós demais membros da sociedade.

➤ **Estamento dos non privilexiados:** campesiños, artesáns, comerciantes, burgueses... Pagaban impostos (eran *pecheiros*).

- Dentro do **campesiñado** diferenciábase entre campesiños libres (propietarios de pequenas parcelas, non tiñan que soportar cargas señoriais e dependían xurisdiccionalmente do rei), colonos (campesiños libres que se encomendaban a un señor -laico ou eclesiástico-, entregándolle todas ou parte das súas terras ou pagándolle unha taxa anual a cambio de protección e defensa; perden liberdade) e servos (traballaban as terras dos feudos señoriais, realizaban prestacións e servizos ós seus señores e tiñan os seus dereitos moi limitados).

- Os grupos sociais urbanos. Os **burgueses** (artesáns, comerciantes, cambiadores, profesionais liberais...) eran un grupo pequeno na Alta Idade Media, pero que vai ir crescendo a partir do século XII, co desenvolvemento da vida urbana, o que fará que se vaian diferenciando distintos grupos sociais: **Patriciado urbano**, grupo enriquecido polo comercio, a industria, a terra..., cuns intereses moi ligados ós da nobreza. Grupo intermedio de **mercadores, cambiadores, artesáns e profesións liberais** (médicos, avogados...). Defenden os seus intereses encadrándose nos gremios. O grupo máis baixo da sociedade urbana estaba integrado por **criados, estranxeiros, esmoleiros**...

- Os non cristiáns, xudeus e mudéxares, vivían nas cidades dentro dos seus propios barrios e tiñan as súas propias leis e autoridades. Os **mudéxares**, eran numerosos ó sur do Texo e nos reinos de Valencia e Murcia. Dedicábanse, polo xeral, ó traballo no campo e en menor medida a oficios artesanais. Non foron especialmente vítimas da intolerancia, pero sufriron desprezo. Os **xudeus** formaban un grupo minoritario que desempeñou un importante papel no desenvolvemento económico. Dedicábanse ó comercio, a oficios especializados (ourivería, tecidos, medicina...) ou lucrativos (créditos). A situación social dos xudeus pasou da tolerancia e protección real a un crecente odio popular, sobre todo desde o século XIV, que provocou persecucións e matanzas (pogromos de 1391).